

Universidade de Vigo	<b>FICHA DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS</b>
Ref.: FPRL 04-09 Páx. 1 de 2	<b>ESCADAS</b>

<b>RISCOS</b>	<b>CAUSAS</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Caída de persoas a distinto nivel</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Apoio precario, chan en pendente, vento, escada moi curta ou situada demasiado vertical.</li> <li>• Perda de equilibrio, rotura de elementos da escada (cadea de seguridade, banzos, etc.)</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Aprisionamentos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Desencaixe, rotura de pezas ou despregado de escadas extensibles</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Caída de obxectos ou ferramentas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Manexo de ferramentas sen usar cintos especiais, bolsas ou bandoleiras para o seu transporte</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Golpes ou sobreesforzos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Na maioría das ocasións durante o transporte por non levalas pregadas ou transportalas de xeito horizontal, sobre o lombo ou facéndoas pivotar</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Contactos eléctricos directos ou indirectos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Por uso de escadas metálicas para traballos de electricidade ou próximos a conducións eléctricas</li> </ul>

### **MEDIDAS PREVENTIVAS**

#### **1. COMPROBACIÓN ANTES DO SEU USO**

- Antes de utilizala hai que asegurarse da súa estabilidade Así mesmo revisar a ensamblaxe e o bo estado de largueiros e chanzos
- Non usar escadas reparadas con cravos, cordas, arame nin empates improvisados
- As escadas disporán de zapatas antideslizantes en bo estado
- Nas escadas de madeira os largueiros serán dunha soa peza, cos banzos ensamblados. Non poden estar pintadas, agás verniz transparente
- As escadas de tesoiras terán cadeas ou cables que impidan a súa abertura ao ser utilizadas e terán topes nos seus extremos
- Verificar se as bisagras están ben axustadas e ofrecen a resistencia adecuada

#### **2. COLOCACIÓN DA ESCADA**

- A superficie de apoio debe ser plana, resistente e non esvaradía
- As escadas situarase de tal xeito que o ángulo que formen os largueiros coa horizontal sexa de 75° aproximadamente
- O ángulo de abertura dunha escada de tesoiras debe ser de 30° máximo
- Nos traballos a máis de 3,5 metros de altura, que requiran movementos ou esforzos perigosos para a estabilidade da persoa, só se farán se se utiliza cinto de seguridade suxeito a un punto distinto da escada, ou se adoptan outras medidas de seguridade alternativas
- Cando se traballe en zonas perigosas (bordos de forxado, balcóns ou ventás), os operarios que empreguen as escadas utilizarán cinto de seguridade aínda que existan varandas de protección
- Se hai que garantir a fixación da escada, esta deberá sostela unha segunda persoa durante o seu uso
- Non situar as escadas en lugares de paso
- Sobrepasarán un metro o punto superior de apoio
- Non se realizarán traballos que impliquen un desprazamento do corpo fóra de vertical da escada
- Nos traballos con presenza de corrente eléctrica hai que usar escadas de madeira ou de material sintético illante (fibra de vidro)
- O ascenso e descenso farase sempre de fronte á escada

Universidade de Vigo	<b>FICHA DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS</b>
Ref.: FPRL 04-09 Páx. 2 de 2	<b>ESCADAS</b>


## RECOMENDACIÓNS

### 3. TRANSPORTE

- Transportar as escadas levando a parte dianteira cara abaixo, non facelas pivotar e non levalas sobre o lombo
- As escadas de tesoiras hai que transportalas pregadas e non se usarán para transporte de materiais
- Só se poden transportar por unha persoa escadas cuxo peso non exceda os 25Kg



**Formas incorrectas de transportar escadas**



**Transporte correcto de escadas**

### 4. LIMITACIÓNS DE USO

- A cintura do traballador/a non sobrepassará o último banzo
- Se se manexan ferramentas, utilizaranse cintos especiais, bolsas ou bandoleiras para o seu transporte de xeito, que sexa posible o ascenso e descenso coas mans libres
- Nunca se deben usar simultaneamente por máis dunha persoa
- Non se pode subir máis arriba do último banzo
- Para subir a unha escada cómpre un calzado apropiado coas solas limpas de graxa, aceites ou outras substancias esvaradías
- Non se deben utilizar as escadas como medio de transporte de materiais, pasarelas, estadas ou calquera outro fin que non sexa para o que foron deseñadas

### 5. MANTEMENTO

- Despois do seu uso limpar a escada por se algunha substancia caese sobre elas
- Para gardalas facelo en posición horizontal, suxeitas a soportes fixos e protexidas das condicións ambientais

REALIZADO	REVISADO	MODIFICADO
Técnica superior en PRL  Mónica Alonso Fernández Data: 18/03/2009	Servizo de Prevención de Riscos Laborais   Carmen Alvarez González    M. José Montero Vilariño Data: 18/03/2009	Data: 10-06-2013